

Unidade 5 - Repaso

Expresións coa comida



Facerse auga na boca

Devecer, ter moita gana de comer algo.

Coma churros

Que se fai moita cantidade rápido e doadamente.

Pan comido

Doado de conseguir.

Ata na sopa

Algo que está por todas as partes, ata cansar.

Importar un pemento

Dar igual algo, non importar.

Darlle a volta á tortilla

Provocar un xiro total nos acontecementos.

Colorado coma un tomate

Moi azorado, moi ruborizado.

Fina coma un allo

Ser moi lista.

Cortar o bacallau

Estar ao mando.

Estar de mala uva

Estar enfadado, ter mal xenio.

Un relato breve

RESUMO

Na vila de Castiñeiriños, un día, atopan un marciano parecido a unha sandía nunha horta. Lévano para a casa e descubren que lle encantan as verduras. Grazas a el, Margarida e o seu irmán conseguen collerlles gusto aos vexetais e, ademais, aprenden a cultivar mellor a terra.

Finalmente, Leitugueiro, que é o nome que lle puxeron ao extraterreste, volve ao seu planeta, Marte; iso si, cunha cesta chea de verduras.

PALABRAS DIFÍCILES

un bo susto, espanto, entusiasta, apreensión, exuberante, verxel



Unha receita

Unha **receita** é un texto onde temos toda a información necesaria para cociñar algo.

Para explicar unha receita:

1. Di todos os ingredientes que a outra persoa vai necesitar. Se se che esquece algún non poderá facer o prato, así que asegúrate.
2. Unha das cousas máis difíciles é dicir as cantidades. Explicaas ben.
3. Indica os pasos de maneira clara, cos tempos concretos e utilizando: *botar, cocer, quentar, cortar en toros, picar en anacos...*
4. Asegúrate de que a outra persoa o entende e non necesita máis explicacións.



Os sufixos

Podemos **formar novos adxectivos** ao engadir **sufixos** a outras palabras e derivalas. É o que se chama **derivación nominal**.

Para formar **adxectivos con sufixos**:

1. Identifica a raíz da palabra que queres converter en adxectivo.
2. Pensa o sufixo que lle corresponde.
3. Engade o sufixo á raíz.
4. Adapta a ortografía en caso de que sexa necesario.

Algúns sufixos que poden crear adxectivos son: *-al, -oso, -ivo/-iva, -able, ino/-ina, -ano/-ana*.

Os **xentilicios** tamén son adxectivos que se forman mediante sufixos.

Palabras con h

1. Hai palabras que en **galego non levan h** e en castelán si, e viceversa. Debes fixarte ben para non confundirte.
2. As palabras que pertencen a unha **mesma familia** adoitan **levar ou non levar h, todas igual**.
3. Se a palabra empeza polos **prefixos hecto-, hemi-, hepta-, hexa-, hiper-, homo-** **leva h**.
hectómetro, hemisferio, heptágono, hexágono, hipermercado, homónimo
4. Se a palabra é unha forma verbal dos verbos *haber, habitar, habilitar* e *herdar* **leva h**.



Conxugar os tempos verbais

- **Indicativo**
 - As formas do indicativo utilízanse para expresar feitos concretos.
 - Os tempos verbais poden estar en presente, pretérito, futuro ou condicional.
- **Subxuntivo**
 - As formas do subxuntivo utilízanse para falar de ideas, cousas incertas ou dúbidas e desexos.
- **Imperativo**
 - Indica unha orde ou petición.
- **Formas non persoais**
 - Non indican quen realiza a acción.

O recurso literario da metáfora

A **metáfora** é o recurso literario que identifica dous elementos que teñen algunha característica semellante ou común. En lugar de comparalos, identifícaos, coma se fosen o mesmo.

As súas mans de seda

- As metáforas poden:
 - Nomear os dous elementos relacionados

As túas mans de seda

- Nomear só un elemento, que substitúe o outro

O tambor do teu peito

A diferenza con respecto á comparación é que esta utiliza as expresións: *como, tan... como, parece...*

Escribir unha receita

Unha receita é un texto que explica os ingredientes e as instrucións necesarios para elaborar unha comida.

Para **escribir unha receita**:

1. Fai unha **listaxe** con todos os **ingredientes** ou alimentos que se van necesitar. Debes incluír que **cantidad** fai falta de cada ingrediente.
2. Escribe as instrucións para facer a receita de maneira ordenada. Indica as **accións** que hai que realizar: pelar, cortar, rebozar...
3. Indica o **tempo** que leva facer a receita.

